



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 02 DE ABRIL DE 2020

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia.

2.- Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada por mor do "COVID-19":

2.1.- CONVALIDACIÓN DE CONTRATOS ADXUDICADOS POR TRÁMITE DE EMERXENCIA.

Convalidáronse os seguintes contratos de emerxencia.

- “Servizo de vixianza da UMAD”, adxudicado a SEGURSYSTEM EUROPA, por un prezo máximo de 3.505,88 euros ao mes, IVE incluído.
- “Contrato de seguro para a cobertura de accidentes de vinte personas sin teito acollidas no Seminario Menor de Belvis”, en base ao convenio asinado co concello de Santiago, adxudicado a MGS SEGUROS Y REASEGUROS, por un prezo máximo de 200 euros, IVE incluído, ao mes.
- “Servizo de desinfección e limpeza completa da Cociña Económica”, adxudicado a SPARTANA CONTROL SERVICE, S.L. por un prezo máximo de 2.483,83 euros, IVE engadido.
- “Servizo de taxi no apio á mobilidade para persoas en situación de vulnerabilidade, en aplicación dos convenios asinados entre o concello de Santiago e as asociación de taxistas de Compostela, adxudicados a:
 - ASOCIACIÓN COMPOSTELANA DE AUTOTAXI, por un prezo máximo de 2.900 euros, IVE engadido.
 - ASOCIACIÓN DE TAXISTAS PROFESIONAIS DE SANTIAGO (PROTAXI) por un prezo máximo de 10.000 euros, IVE engadido.
- “Subministración de material de protección (gafas e luvas) para o persoal e voluntariado do Concello de Santiago, adxudicado a PEYCAR PONTEVEDRA, por un prezo máximo de 526,35 euros, IVE engadido.

2.2.- SUSPENSIÓN DE CONTRATOS.

Acórdase a suspensión de:

- Colaboración na xestión do catastro do Concello de Santiago de Compostela: EIBISA
- Xestión dos expedientes sancionadores por infraccións contra a normativa de tráfico vial urbano e calesquera outras infraccións das ordenanzas vixentes do Concello de Santiago de Compostela.

2.3.- ORDES DE CONTINUIDADE DE SERVIZOS.

Aprobáronse as seguintes ordes de continuidade:

- Servizo de conservación e mantemento do parque de Brandía a ASPAS
- Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arbolado do parque de Salgueiriños a COREGAL
- Servizo de mantemento dos ascensores nos centros socioculturais a SCHINDLER, S:
- Conservación, reparación e pequenas reformas ou ampliación de diversos edificios e instalación municipais a ESPINA&DELFIN
- Servizo de vixilancia do Estadio Municipal de San Lázaro a A-1. SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTEMENTO.

3.- Dar conta da solicitude da Xerente da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza relativa á posta a disposición do uso do Multiúsos do Sar, para poder habilitalo como hospital de campaña.

Deuse conta da solicitude da xerencia da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, relativa á posta a disposición do uso do Multiúsos do Sar, para poder habilitalo como hospital de campaña. Neste caso acordouse acceder ao solicitado e dar traslado do acordo de Xunta de Goberno a XADE, a empresa que xestiona o Multiúsos de Sar.

4.- Dar conta da comunicación da concesionaria TRALUSA en relación coas medidas de reorganización do servizo de transporte adoptadas na reunión da Xunta de Goberno Local de data 30 de marzo de 2020.

Deuse conta da comunicación da concesionaria TRALUSA en relación coas medidas de reorganización do servizo de transporte adoptadas na Xunta de Goberno do pasado 30 de marzo.

5.- Dar conta da carta do Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza relativa ao envío de material EPI remitido pola Xunta de Galicia.

Deuse conta dunha carta de vicepresidencia da Xunta de Galicia na que informan ao Concello do envío de material de protección. Nesta carta, a Xunta anuncia o envío ao concello, para cubrir as necesidades básicas durante un período de tempo, de: 6.000 máscaras cirúrxicas, 196 máscaras FFP2, 12.000 luvas de nitrilo e 98 traxes antisalpicaduras.